

PASE ÚNICO EN NUMAX: 29.10.2018 | V.O.S.E.

Colo (2017, 136')

Dirección: Teresa Villaverde

Guión: Teresa Villaverde

Elenco: João Pedro Vaz, Alice Albergaria Borges, Beatriz Batarda, Clara Jost, Tomás Gomes, Dinis Gomes, Ricardo Aibéo, Simone de Oliveira, Rita Blanco, Angela Cerveira, Marcello Urgeghe

Son: Vasco Pimentel

Montaxe: Rodolphe Molla

Fotografía: Acácio de Almeida

Produtoras: Alce Filmes, Sedna Films (Portugal)

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Portugués

PREMIOS E FESTIVAIS

Berlinale 2018 (Sección oficial)

FILMOGRAFÍA

Cisne, 2011

Transe, 2006

A favor da claridade, 2004

Água e sal, 2001

Los mutantes, 1998

Três Irmãos, 1994

A Idade Maior, 1991

SINOPSE

No Portugal do presente, un home, unha muller e a filla de ambos sofren no seu día a día os efectos da crise económica.

«Sen estridencias nin dramatismos, o filme percorre o proceso de desmantelamento dunha familia»

Gemma Casadevall, LA VANGUARDIA

OS OLLOS VERDES 18/19

O CINEMA INÉDITO
DE NUMAX

Entrada gratuíta até completar aforo


CONCELLO DE
SANTIAGO


UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA



“Na nosa sociedade perder o traballo é como perder a identidade”

Entrevista con Teresa Villaverde
Por Mané SanMar

Que significado ten o título no filme?

É unha nostalxia do inicio, evoca as orixes. A palabra *colo* é regazo en portugués, pero adquire varios sentidos, ás veces ambivalentes: poñer a un bebé encol das túas pernas, ter carencias afectivas ou cando unha persoa está moi consentida e recibiu un exceso de agarimos. Tamén evoca a idea do inicio da vida de cada un, a primeira relación afectiva que experimentamos.

Tes comentado que o máis importante de *Colo* é o que non se articula, o que non se di. Que agocha ese silencio poético do filme, que tenta dicirnos?

Os personaxes deciden non expresaren o que senten, a súa convivencia redúcese a falar entre eles de cousas prácticas da vida como a fame ou o sono, e isto é unha característica común na forma en que se relacionan as familias nestes tempos, pois os pais van traballar desde moi cedo e cando chegan a casa están cansos e falan do esencial.

Como xa é habitual no teu cinema, os personaxes femininos cobran un maior protagonismo, e adoitan soportar a gravitación emocional da historia. Por que lles confires sempre este relevo ás mulleres nos teus filmes?

Neste filme é a inmovilidade do home o motor da acción, e se non ten máis acción é porque perdeu o traballo e iso na nosa sociedade é como se perdera a identidade, xa que o traballo é o que nos define. Todo o que se desenvolve arredor das mulleres parte da inmovilidade ou incapacidade del, pois está paralizado. Se fose ao revés e fosen as mulleres as que tivesen quedado sen emprego, habería menos tensión emocional, xa que na nosa cultura tense máis aceptado que a muller perda o traballo e estea máis a remolque. Que nos meus outros filmes as mulleres o movan todo explícase porque eu son unha muller e é máis doado que me identifique con personaxes femininos.

O teu nome é practicamente descoñecido en España, ao igual que sucede con outras autoras e autores da túa xeración. Semella que Manoel de Oliveira e João Cesar Monteiro eclipsaron todo. A que cres que se debe isto? Por desgraza é algo recíproco, tampouco sabemos moito do cinema que se fai en España, mais coido que ao cinema de autor pásalle o mesmo que ao español, que está menos protexido, aínda que en España coido que agora o están a coidar máis. É curioso que sendo países irmáns e veciños, vivamos de costas os uns aos outros. Penso que hai certa mellora nas relacións e que aos poucos vaise notando algo máis de proximidade, pero sorpréndeme como estando tan preto hai tal descoñecemento humano.

Publicado en kamchatka.es

* * *

“Representando o baleiro”

Por Javier H. Estrada

Inxustamente relegada a un segundo plano respecto a moitos compañeiros de xeración —esa idade dourada portuguesa que xurdiu a finais dos oitenta composta por Pedro Costa e Manuel Mozos, entre outros— Teresa Villaverde é, porén, unha autora esencial da representación fílmica do baleiro emocional.

Na súa ficción máis recente, *Colo*, a directora indaga na destrución progresiva e imparábel dunha familia lisboeta abafada polos efectos da crise económica. Villaverde plasma un retrato penetrante dese núcleo a piques de estoupar, en especial o pai desempregado e a súa filla adolescente, ambos atravesando camiños existencialmente antitéticos aínda que igual de desnortados. Poucas veces o cinema foi quen de mostrar con tanta lucidez o desaxuste vital que se produce cando os adultos á deriva se infantilizan e, en consecuencia, os novos vense abocados a saltar cara á madurez por pura supervivencia, e por reaccionaren ante o descenso aos infernos dos seus maiores. Aínda que realmente se trata da obra máis cálida da súa realizadora, como os seus outros traballos *Colo* foxe da

fluidez empática, constrúese de xeito esquivo, adoptando unha narrativa e unha atmosfera máis ben enigmáticas, resultando ao mesmo tempo plenamente identificábeis.

Publicado en Caimán Cuadernos de Cine, Especial nº17, Outubro 2018

TERESA VILLAVERDE

Nacida en Lisboa en 1966, Villaverde é unha das principais directoras da nova vaga do cinema portugués dos 90, xeración que comparte con Joao Pedro Rodrigues e Pedro Costa. O seu primeiro filme, *A Idade Maior*, tivo a súa estrea na Berlinale 1989 gañando premios en festivais importantes. Tres anos máis tarde asina *Três Irmãos*, coa que Maria de Medeiros gañou o Premio á Mellor Actriz en Venecia. En 1998, estera *Os Mutantes* na sección Un Certain Regard do Festival de Cannes, onde se consagra internacionalmente cun grande éxito de público e crítica en Portugal. Entre os seus traballos máis recentes destaca *Água e sal*, exhibido en Venecia até chegarmos a *Colo*, delicada disección das relacións familiares baixo a crise económica, estreada a competición na Berlinale.

OS OLLOS VERDES

O programa *Os ollos verdes*. O cinema inédito de NUMAX proxecta obras recentes que non foron estreadas comercialmente en España. Filmes que procuran novas formas e linguaxes para o cinema e cuxa calidade vén refrendada cos premios e seleccións en festivais de relevancia internacional. *Os ollos verdes* conta ademais co apoio do Concello de Santiago e a Universidade de Santiago de Compostela, o que permite o acceso **gratuito até completar aforo** a todas as sesións e a posibilidade de acadar 1 crédito ECTS para o estudiantado da USC que acoda a un mínimo de 12 sesións ao longo do curso 2018/2019 e realice un traballo á conclusión. Máis información en comunicacion@numax.org

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org